

*Normativa de
Utilización de
Instalacións
Deportivas*

Universidade de Vigo

Campus de Vigo

- CAPITULO 1.
INSTALACIÓNS DEPORTIVAS DO CAMPUS DE VIGO.....3
- CAPITULO 2.
USUARIOS.....3
- CAPITULO 3.
UTILIZACIÓN E HORARIO DAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS.....3
- CAPITULO 4.
PETICIÓNS DE MATERIAL DEPORTIVO.....5
- CAPITULO 5.
RESERVAS DE INSTALACIÓNS5
- CAPITULO 6.
INCUMPRIMIENTO DAS CODICIÓNS DE USO.....8
- CAPITULO 7.
LESIÓNS OU ACCIDENTES.....8
- CAPITULO 8.
NORMATIVA DE CADA INSTALACIÓN DEPORTIVA.....9 a 19
 - PAVILLÓN DE DEPORTES.....9 a 10
 - SALA DE MUSCULACIÓN..... 11
 - PISTA DE ATLETISMO.....12 a 15
 - ZONA DE TENIS DE MESA.....16
 - CAMPO DE HERBA SINTÉTICA.....17 a 18
 - CAMPO DE HERBA NATURAL.....18 a 19
- CAPITULO 9.
OUTROS SUPOSTOS.....20

CAPITULO 1.- INSTALACIÓNS DEPORTIVAS

Artigo 1:

Son instalacións deportivas da Universidade de Vigo, os campos, recintos e edificios xestionados polo Servizo de Deportes da Universidade de Vigo para a práctica, formación e promoción deportiva.

CAPITULO 2.-USUARIOS

Artigo 2:

As instalacións deportivas da Universidade de Vigo teñen dous tipos de usuarios:
USUARIOS 1: a comunidade universitaria (alumnos, profesores e persoal non docente, así como os cónxuxes e fillos), os cales deberán acreditar documentalmente tal condición ante o persoal de xestión do Servizo de Deportes (tarxeta deportiva, carné de PAS, PDI, estudante ou similar) (*).

* Para os cónxuxes e fillos o Servizo de Deportes expedirá un carné especial, previa solicitude do PDI ou PAS.

USUARIOS 2: Toda persoa non pertencente á Comunidade Universitaria.

Artigo 3:

A dirección do Servizo de Deportes poderá autorizar, previa petición por escrito, a utilización das instalacións deportivas da Universidade de Vigo, por parte dalgún deportista ou colectivo que non pertenza á comunidade universitaria, e sempre que esta instalación non estea previamente reservada.

Artigo 4:

Todas as instalacións estarán suxeitas a Normativa de Prezos pola súa utilización, que variarán dependendo do tipo de usuario, do horario de utilización e da instalación a utilizar.

Artigo 5:

Para todo aquel que faga uso das instalacións deportivas da Universidade de Vigo serán de obrigado cumprimento todas as normas recollidas no presente regulamento.

CAPITULO 3.- UTILIZACIÓN E HORARIO DAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS.

Artigo 6:

Os principais rexímenes de utilización das instalacións deportivas da Universidade de Vigo serán , as actividades xestionadas polo Servizo de Deportes e a práctica libre.

A utilización de carácter deportivo das instalacións deportivas da Universidade de Vigo non suxeitas a programación directa do Servizo de Deportes denominarase “práctica deportiva libre”.

Artigo 7:

As actividades de promoción deportiva xestionadas polo Servizo de Deportes terán preferencia sobre calquera solicitude independente a este.

Artigo 8:

O Servizo de Deportes comprométese a reservar un horario diario para a “práctica deportiva libre”.

Artigo 9:

A “práctica deportiva libre” nunha instalación deberá facerse do deporte a que especificamente esta destinada dita instalación. Poderán practicarse outros deportes sempre que sexa tecnicamente posible, e previa autorización do Servizo de Deportes. Así mesmo, a “práctica deportiva libre” nunha instalación, estará suxeita á normativa específica da instalación correspondente e dos seus servizos.

Artigo 10:

O uso das instalacións deportivas durante o curso (excepto xullo e agosto) estará suxeito ó seguinte horario:

INSTALACIÓN	DIAS	HORARIO
Sala de musculación	Luns a venres	09:00 a 23:00 +
Pistas de tenis	Toda a semana	09:00 a 23:00 *
Pistas de tenis de mesa	Luns a Venres	09:00 a 23:00
Pistas polideportivas	Luns a Venres	09:00 a 23:00 *
Campo de herba natural	Previa autorización	
Campo de herba sintética	Luns a Venres	08:30 a 23:00 *
Pavillón de Deportes	Luns a Venres	09:00 a 23:00
Pista de Atletismo	Luns a Venres	09:00 a 23:00 *

+ Os equipos federados poderán adestrar a partir das 15 h.

* As pistas exteriores poderán ser utilizadas fóra deste horario, con autorización do Servizo de Deportes.

Uso das instalacións os fins de semana durante o curso estará suxeito ó seguinte horario:

INSTALACIÓN	DIAS	HORARIO
Sala de musculación	Sábados e Domingos	-
Pistas de tenis	Sábados e Domingos	10:30 a 13:30 e 16:30 a 20:30 *
Pistas de tenis de mesa	Sábados e Domingos	-
Pistas polideportivas	Sábados e Domingos	10:30 a 13:30 e 16:30 a 20:30 *
Campo de herba natural	Previa autorización	
Campo de herba sintética	Sábados e Domingos	10:15 a 14:00 e 16:15 a 20:00
Pavillón de Deportes	Sábados e Domingos	10:30 a 13:30 e 16:30 a 20:30 *
Pista de Atletismo	Sábados e Domingos	10:30 a 13:30 e 16:30 a 20:30 *

* Estas instalacións os domingos pecharán 1 h. antes.

O uso das instalacións nos meses de xullo e agosto será o seguinte:

INSTALACIÓN	DIAS	HORARIO
Sala de musculación	Luns a Venres	09:30 a 18:30 (agosto ata 13:30)
Pistas de tenis	Toda a semana	09:00 a 21:00
Pistas de tenis de mesa	Luns a Venres	09:30 a 18:30 (agosto ata 13:30)
Pistas polideportivas	Toda a semana	09:00 a 21:00
Campo de herba natural	Previa autorización	
Campo de herba sintética	Luns a Venres	09:30 a 18:30 (agosto ata 13:30)
Pavillón de Deportes	Luns a Venres	09:30 a 18:30 (agosto ata 13:30)
Pista de Atletismo	Luns a Venres	09:30 a 18:30 (agosto ata 13:30)

* Os fines de semana se manterá o mesmo horario durante todo o ano.

CAPITULO 4.- PETICIÓN DE MATERIAL DEPORTIVO

Artigo 11:

A utilización de material deportivo da Universidade de Vigo fóra do ámbito das súas instalacións deportivas, estará suxeita á autorización concedida polo Servizo de Deportes, previa petición por escrito do colectivo interesado.

Artigo 12:

En caso de desaparición ou desperfectos ocasionados polo mal uso do material prestado, deberanse pagar os desperfectos ocasionados, ou o material extraviado, so pena de prohibición de novas concesións de material, e outras accións legais.

Artigo 13:

A responsabilidade nestes casos será esixida a:

O causante directo da acción, en caso de coñecerse con seguridade a súa identidade , corroborada por testemuñas .

O responsable/delegado do colectivo, se non existise coñecemento da identidade do causante directo da acción.

Artigo 14:

As datas de recollida e devolución de material deberán ser cumpridas correctamente, so pena de denegación de novas concesións, sempre que o incumprimento das datas se faga de modo reiterado, inxustificado ou por tempo superior a 5 días.

CAPITULO 5.- RESERVAS DE INSTALACIÓNS, RESPONSABLES DOS EQUIPOS E OUTROS COLECTIVOS.

Artigo 15:

Para facer uso das instalacións deberase facer previamente a súa reserva na conserxería do pavillón. Existen dúas modalidades:

- a) Presencial.
- b) Telefónica: 986 814059

Nos dous casos, para a utilización como Comunidade Universitaria, será necesaria a identificación mediante a presentación do carné que o acredite como membro da Comunidade Universitaria.

Unha vez feita a reserva, no caso de non ser da Comunidade Universitaria ou a pesar de serlo que a reserva sexa en horario de pago, haberá que facer o ingreso e enviar o resguardo por fax o 986814061.

Artigo 16:

As actividades xestionadas polo Servizo de Deportes terán preferencia sobre calquera solicitude independente a ésta.

As reservas das instalacións para a “práctica deportiva libre” , terán un tempo máximo de utilización, que será :

INSTALACIÓN	RESERVA
Pista de atletismo	2 h.
Pistas de tenis	1 h. individuais e 2 h. dobres
Pistas de tenis de mesa	1 h.
Pistas polideportivas	1 h.
Pavillón de deportes	1 h.
Campo de herba sintética	2 h. *
Campo de herba natural	2 h. *
Sala de musculación	utilización por bonos de 1 h. 30 min.
Sala de xadrez	2 h.
Sala de usos múltiples	2 h.

- * No caso de reservar para Fútbol 11 serán 2 h. e para Fútbol 7 será de 1 h. e 15 min.
- ** Poderase seguir utilizándose a pista no caso de non haber reserva posterior, sempre e cando se notifique o persoal auxiliar de instalacións deportivas e eles así o autoricen.
- ** Na sala de musculación no caso de haber pouca xente poderase ampliar o horario máximo de utilización.

Artigo 17:

A reserva de instalacións deportivas para a “práctica deportiva libre” poderá facerse como máximo de unha semana para outra. Poderase estudar casos especiais no caso de reservas para unha competición ou evento organizado con anterioridade.

Artigo 18:

O non aproveitamento dunha instalación reservada, por parte dun deportista ou colectivo, de forma reiterada poderá supor a adopción de medidas sancionadoras polo Servizo de Deportes, puidendo consistir na non concesión de instalacións deportivas, ó deportista ou colectivo en cuestión dende 1 mes ata 1 ano dependendo da falta en cuestión.

Artigo 19:

A anulación dunha reserva xa concedida deberá facerse con 24 h. de antelación, sexa a instalación que sexa. Nestes casos, si fora unha reserva que estivera pagada, poderá reservarse a instalación outro día de forma gratuita.

Artigo 20:

Un mesmo colectivo só poderá facer unha reserva da mesma instalación deportiva o mesmo día. Poderán facerse varias reservas de instalacións diferentes, sempre que sexan en diferentes horarios.

Considerarase repetición de equipo ou duplicidade de reservas, todas aquelas reservas donde máis do 30% dos usuarios son comúns. Se o Servizo de Deportes non se percatase deste porcentaxe no momento da segunda reserva, poderá anular todas as reservas deste colectivo, no intre que estime oportuno. En caso de reincidencia o Servizo de Deportes poderá estipular outra sanción maior.

Artigo 21:

No caso de que unha mesma instalación teña varias áreas deportivas, un mesmo colectivo só poderá reservar unha desas áreas, a pesares de ser unha mesma instalación.

Artigo 22:

A solicitude de reserva para a “práctica deportiva libre” deberá facerse no Pavillón de Deportes, agás as reservas para partidos oficiais, festas, ou motivos especiais, para as que haberá que presentar unha solicitude por escrito no Servizo de Deportes, cos datos persoais e número de teléfono dunha persoa responsable.

Artigo 23:

Todos os colectivos deberán respectar escrupulosamente os horarios adxudicados nas respectivas reservas.

Artigo 24:

Ningún colectivo poderá ceder os dereitos de utilización de instalacións deportivas, que lles otorga a reserva a terceiras persoas, salvo autorización previa concedida polo Servizo de Deportes.

RESPONSABLES DOS EQUIPOS

Artigo 25:

Cada colectivo terá un responsable ou delegado que será o encargado de:

- Identificar os membros do colectivo.
- Recoller e entregar as chaves dos vestiarios.
- No caso de competicións organizadas, encargarse do cumprimento dos requisitos correspondentes a cada caso (realización de inscricións, entrega das fichas do equipo, e as demais que se estipulen na competición correspondente).

COLECTIVOS

Artigo 26:

Enténdese por colectivo o grupo de deportistas con carné que teñan unha reserva concedida polo Servizo de Deportes.

Artigo 27:

Os colectivos que accedan ás reservas das instalacións deportivas da Universidade de Vigo deberán estar compostos por un mínimo de carnés, que variará en función da instalación que se pretenda reservar.

INSTALACIÓN	MÍNIMO CARNÉS
Pistas de tenis	2
Pistas polideportivas	4
Pavillón	10
Campo de fútbol (para fútbol 7)	14
Campo de fútbol (para fútbol 11)	22
Campo de rugby	14
Sala de musculación	1
Sala de xadrez	1
Pista de atletismo	1
Sala de usos múltiples	1

Artigo 28:

Durante o uso das instalacións todos os membros do colectivo deberán estar en disposición de presentarlle o carné a calquera dos empregados con competencia nas instalacións deportivas (xa sexa de mantemento ou xestión) que o solicitase, tanto ó principio, durante ou ó finalizar a utilización da instalación.

No caso de que estivesen utilizando a instalación unha ou varias persoas non autorizadas, serán expulsadas inmediatamente, e as sancións que posteriormente decrete o Servizo de Deportes, recaerán sobre eles mesmos e sobre os responsables do colectivo.

CAPITULO 6.- INCUMPRIMENTO DAS CONDICIÓNS DE USO.

Artigo 29:

O Servizo de Deportes poderá variar ou deixar sen efecto algunha reserva por algún dos seguintes motivos:

- Por necesidades de programación.
- Por incumprimento das obrigas establecidas na autorización.
- Por causa de comportamento pouco cívico ou antideportivo por parte dalgún deportista de forma reiterada e evidente.

Artigo 30:

Se a un colectivo se lle cambiase a reserva por necesidades de programación, o Servizo de Deportes informará ó responsable/delegado do colectivo coa maior antelación posible. Así mesmo o Servizo de Deportes comprométese a buscar unha instalación alternativa, que sexa apta para a realización da actividade prevista .Se o colectivo rexeitase esta opción ou non existise posibilidade de cambio de instalación , o Servizo de Deportes concederalle prioridade a este colectivo para unha próxima reserva.

CAPITULO 7.- LESIÓNS OU ACCIDENTES

Artigo 31:

O Seguro Escolar no caso de un accidente durante as actividades deportivas cubre o tratamento nos seguintes centros médicos (agás ós maiores de 28 anos):

- Complexo Hospitalario Xeral Cies. 986816016
- Hospital do Meixoeiro. 986811111
- Sanatorio Concheiro. 986413444
- Clínica Nuestra Señora del Pilar. 986276804

O Servizo de Deportes non se fai responsable dos accidentes ou lesións que poidan acontecer por actuacións negligentes ou durante a práctica deportiva, así como dos roubos que poidan suceder dentro das súas instalacións (existen armario gratuitos para deixar os obxectos persoais).

CAPITULO 8.- NORMATIVAS ESPECÍFICAS DE CADA INSTALACIÓN DEPORTIVA

Artigo 32:

Todos os usuarios das instalacións deportivas deberán facer un uso correcto das mesmas, respectando as normativas específicas de cada unha das súas áreas, que estarán expostas no taboleiro de anuncios de cada unha delas.

Artigo 33:

En caso de rotura ou desperfecto ocasionado polo mal uso das instalacións ou do material, deberanse pagar os desperfectos ocasionados, so pena de prohibición de utilización das instalacións deportivas. No caso de non ingresar os desperfectos ocasionados o Servizo de Deportes poderá emprender outras accións legais contra os responsables.

Artigo 34:

A responsabilidade nestes casos será exisida a:

O causante directo da acción, en caso de coñecerse con seguridade a súa identidade , corroborada por testemuñas.

O responsable/delegado do colectivo, se non existise coñecemento da identidade do causante directo da acción.

Artigo 35:

A normativa específica das instalacións deportivas do Campus de Vigo é a seguinte:

9.1.- PAVILLÓN DE DEPORTES. NORMATIVA DE UTILIZACIÓN.

9.1.1.- Poderán acceder á instalación deportiva aqueles usuarios que se identifiquen como membros da comunidade universitaria ou aqueles colectivos externos que paguen a reserva da instalación.

9.1.2.- Para a utilización de dita instalación reservarse ben telefonicamente ou na propia conserxería do Pavillón de Deportes, acompañará o carné ou carnés universitarios ó facer a reserva, ou na hora de utilización. A duración da reserva será dunha hora natural por semana, puidendo seguir utilizando a instalación se non está reservada posteriormente e previo permiso do persoal do Servizo de Deportes.

9.1.3.- Unha vez consumida a reserva, poderase reservar de novo o Pavillón para outro día.

9.1.4.- A instalación utilizarase co material e o atuendo adecuado (roupa e calzado deportivo) para cada actividade deportiva.

9.1.5.- Está prohibido comer e fumar en toda a instalación e os seus vestiarios.

9.1.6.- O público no interior do pavillón está limitado á zona de gradas, non puidendo ocupar a zona de vestiarios e de bancos .

9.1.7.- O horario de utilización será de luns a venres de 09:00 a 23:00, sábados de 10:30 a 13:30 e de 16:30 a 20:30 e domingos de 10:30 a 13:30 e de 16:30 a 19:30,excepto xullo e agosto nos que os horarios serán expostos no Servizo de Deportes.

9.1.9.- O préstamo de material farase co carné que o acredite como membro da comunidade universitaria ou DNI no caso de reservas externas, o cal será devolto unha vez entregado o material en perfecto estado. Se o material viñera defectuoso ou en mal estado, o responsable terá que reintegralo en bo estado.

9.1.10.- Se o persoal o require, poderase solicitar ó usuario/s que se identifique como membro da comunidade universitaria.

9.1.11.- O acceso á pista do pavillón farase polas entradas habilitadas a tal efecto.

9.1.12.- Respetarase en cada momento o equipamento e o material deportivo situado na instalación.

9.1.13.- Se ós 15 minutos de comezo da reserva non se encontran os compoñentes da mesma, automaticamente quedará anulada e pasará a disposición de outros usuarios.

9.1.14.- No suposto de que o pavillón non se encontre ocupado, os usuarios da práctica deportiva libre poderano utilizar previa petición ós responsables da instalación.

9.1.15.- No caso de non poder utilizar a instalación reservada deberá notificarse con 24 h. de antelación.

9.1.16.- Unha reserva será confirmada no momento en que se acredite que o titular da reserva pertence á comunidade universitaria.

9.1.17.- A reserva da instalación é persoal e intransferible. No caso de ser utilizada por unha persoa que non sexa titular da reserva, será sancionada a persoa que formalizou a reserva, e a mesma será anulada automaticamente.

9.2.- SALA DE MUSCULACIÓN. NORMATIVA DE UTILIZACIÓN.

9.2.1.- A sala de musculación permanecerá aberta de luns a venres de 09:00 a 23:00.

9.2.2.- Poderán acceder á instalación deportiva aqueles usuarios que se identifiquen cón Bono de membros da Comunidade Universitaria ou o Bono de Uso Externo.

9.2.3.- Para o uso da sala de musculación deberán dirixirse o monitor correspondente ou no seu caso ós responsables da instalación, e presentar o carné universitario xunto ó bono, o carné de equipo federado da Universidade, ou o DNI da persoa con Bono e Uso Externo.

9.2.4.- O carné e o bono recolleranse á saída da sala (o DNI simplemente se ensinará).

9.2.5.- Na sala de musculación non se pode fumar, entrar con calzado da rúa, bolsas, mochilas ou practicar calquera outra actividade que non sexa a propia de dita sala.

9.2.6.- Recoméndase gardar a roupa e enseres persoais nos armarios.

9.2.7.- Todos os usuarios deben devolver ó seu emprazamento os aparellos, bancos e colchonetas que utilice no seu adestramento.

9.2.8.- No adestramento persoal utilizaranse as máquinas e aparellos que se coñeza o seu uso. En caso de dúbidas, recoméndase consultar cos monitores de musculación.


9.2.9.- É obrigatorio o uso da toalla para manter a hixiene na sala.

9.2.10.- Os membros dos equipos federados da Universidade de Vigo poderán utilizar a sala de musculación no horario de 15:00 a 23:00, presentando obrigatoriamente o carné de Equipo Federado.

9.3.- PISTA DE ATLETISMO. NORMATIVA DE UTILIZACIÓN.

9.3.1.- As pistas de atletismo do Campus Lagoas-Marcosende están compostas por:

1. Unha pista de atletismo, regulamentaria de 400 metros, de 6 rúas de material sintético.
2. Dúas medias lúas de material sintético (saltos de altura e pértega, lanzamento de xabalina).
3. Un corredor de material sintético para saltos de lonxitude e triple.
4. Unha gaiola de lanzamentos de disco e martelo.
5. Dous círculos de lanzamento de peso.
6. Campo de herba no interior da instalación.



USUARIOS DA INSTALACIÓN

9.3.2.- Teñen dereito preferente para o uso desta instalación todos os membros da Comunidade Universitaria que así o acrediten e presenten o seu Bono para utilizar a Pista de Atletismo. Asimismo poderán utilizar a pista, aquelas persoas Non Universitarias que adquiran un Bono de Uso Externo.

9.3.3.- Poden facer tamén uso da instalación de forma individual ou como integrantes dalgún club ou entidade deportiva (en virtude de convenio, acordo de colaboración ou petición motivada) aqueles deportistas que foran expresamente autorizados polo Servizo de Deportes.

OBRIGAS DOS USUARIOS

9.3.4.- Os usuarios non universitario teñen obrigatoriamente que cubrir unha Autorización de Uso que sinarán sempre que queiran facer uso da instalación.

9.3.5.- Os clubs, agrupacións deportivas e demais colectivos que queiran facer un uso conxunto da instalación deberán presentar a correspondente solicitude no Edificio do Servizo de Deportes, indicando o nome ou nomes das persoas responsables.

9.3.6.- Todos os usuarios teñen a obriga de identificarse na conserxería do pavillón antes de acceder á instalación. De non ser así poderán ser expulsados da mesma polo Persoal Auxiliar de Instalacións.

9.3.7.- Para acceder á instalación os membros da Comunidade Universitaria deberán presentar na conserxería do pavillón universitario o carné de estudante ou documento acreditativo da súa pertenza á comunidade universitaria.

9.3.8.- Os usuarios non universitarios presentarán o súa Bono de Uso Externo.

CONDICIÓN XERAIS DE USO

9.3.9.- A actividade realizarase con zapatillas de cravos, tendo estes un máximo de 6 mm. de lonxitude, excepto nas rúas 5 e 6 e no corredor de saltos de lonxitude e triple que poderán ser usados sen zapatillas de cravos.

9.3.10.- As rúas 1 e 2 quedan reservadas exclusivamente para competicións, quedando prohibida a súa utilización en adestramentos, salvo autorización expresa do Servizo de Deportes.

9.3.11.- Para acceder á instalación haberá que dirixirse en todos os casos previamente ó personal da instalación no pavillón polideportivo.

9.3.12.- Nas medias lúas e no cadrado de herba central poderán realizarse todo tipo de exercicios sempre que non interfira co desenvolvemento da actividade doutros usuarios previamente autorizados.

9.3.13.- As series de menos de 150 metros realizaranse na contrarrecta.

CONDICIÓNS ESPECIAIS POR DISCIPLINA

9.3.14.- CARREIRAS:

Os tacos de saída só se prestarán a persoas que vaian a usalos para as saídas con zapatillas de cravos, puidendo usar para este cometido as rúas 3, 4, 5 e 6. EXCEPTO nas prácticas guiadas, que os usuarios poderán realizar as súas saídas sen zapatillas de cravos pois rúas 5 e 6 ou ben nas medias lúas da pista.

9.3.15.- VALADOS:

Os valados poderán empregarse para carreiras de probas, ou ben a súa utilización en calquera tipo de multisaltos .

As carreiras sobre valados poderanse realizar con zapatillas de cravos polas rúas 3 ou 4 e con/sen elas polas rúas 5 ou 6. Nunca se poderán ter ocupadas á vez as rúas 3 e 4, ou a 5 e a 6.

Para os multisaltos poderán usar ambas medias lúas e o corredor de saltos.

9.3.16.- SALTOS HORIZONTAIS (LONXITUDE E TRIPLE):

Os saltos de lonxitude e triple realizaranse no corredor e fosos de arena (zona 3). Tamén poderán realizar todo tipo de multisaltos horizontais. Este corredor poderá ser utilizado tanto con zapatillas de cravos como sen elas.

9.3.17.- SALTO DE ALTURA:

Realizarase na media lúa na que se encontren instaladas as colchonetas para esta proba. Poderá realizarse con/sen zapatillas de cravos.

Os saltómetros e listóns deixaranse a atletas federados ou universitarios que acrediten previa experiencia en tal proba, facéndose responsables do material usado así como danos físicos que poidan causarse os suxeitos.

Tamén se lles prestará ós suxeitos que asistiran en semanas anteriores ás prácticas guiadas.

9.3.18.- SALTO CON PÉRTEGA:

Os usuarios universitarios terán posibilidade de practicar esta disciplina e facer uso das pértegas durante as prácticas guiadas.

Os clubs deportivos e atletas que compiten nesta modalidade serán autorizados á súa práctica só cando non exista actividade no campo de herba, e tomando as medidas oportunas (peche do paso polo interior do terreo de xogo).

9.3.19.- LANZAMENTO DE MARTELO:

Este lanzamento só se poderá realizar na gaiola cando esta teña a rede levantada. De existir artefactos alternativos (como balóns atados con cordas), si poderán ser utilizados fóra da gaiola.

Os usuarios universitarios só terán posibilidade de utilizar o material para esta disciplina, en principio, durante as prácticas guiadas.

Os atletas deberán acreditar a súa experiencia neste lanzamento, facéndose responsables dos danos que poidan causarse a eles mesmos, ademais do material.

9.3.20.- LANZAMENTO DE PESO E DISCO:

Os lanzamentos de peso e disco poderanse realizar, ademais de nos círculos propios das disciplinas, en ambas medias lúas sempre que a caída sexa na herba.

Os atletas deberán acreditar a súa experiencia neste lanzamento, facéndose responsables dos danos que poidan causarse a eles mesmos, ademais do material.

Ós universitarios deixaráselles este material sempre con previo aviso do perigo que entrañan tales disciplinas e indicárselles o lugar de adestramento.

9.3.21.- LANZAMENTO DE XABALINA:

Esta disciplina poderá realizarse dende as dúas medias lúas, con ou sen zapatillas de cravos, polo corredor para este lanzamento ou non.

Os usuarios universitarios só terán posibilidade de utilizar o material para esta disciplina durante as prácticas guiadas, en principio.

Os atletas deberán acreditar a súa experiencia neste lanzamento, facéndose responsables dos danos que poidan causarse a eles mesmos, ademais do material.

Os universitarios que asistiran ás prácticas guiadas figurarán nas follas de control (PG).

9.3.22.- -USO E PRÉSTAMO DE MATERIAL

Poderán solicitar material para atletismo aqueles membros da comunidade universitaria que acrediten esta condición.

Os usuarios de material deportivo teñen a obriga de recollelo, trasladalo á instalación, coidalo e devolvelo ó seu lugar de orixe. No caso de que a utilización de material sexa por un grupo ou club deportivo, deberá existir unha persoa claramente identificada que se faga responsable do uso do material e dos danos que se poidan producir.

9.4.- ZONA DE TENIS DE MESA. NORMATIVA DE UTILIZACIÓN.

9.4.1.- O horario de reserva é de luns a venres de 09:00 a 22:00, excepto en xullo e agosto.

9.4.2.- Para a utilización das mesas deberá facerse previamente a súa reserva na conserxería do Pavillón.

9.4.3.- As reservas poden efectuarse telefonicamente (986814059) ou na propia conserxería do Pavillón, identificándose en todos os casos mediante o carné de membro da Comunidade Universitaria ou Bono de Uso Externo.

9.4.4.- A duración das reservas é de 1 hora natural (11 a 12 h, etc.) transcurrida esa hora poderase facer unha nova reserva na citada conserxería do Pavillón, sempre e cando non existan reservas posteriores.

9.4.5.- O préstamo do material farase coa presentación do carné que o acredite como membro da Comunidade Universitaria ou Bono de Uso Externo, o cal será devolto unha vez entregado, en perfecto estado, o material en préstamo.

9.4.6.- O material en préstamo será como máximo de 4 palas e unha pelota por carné e reserva.

9.4.7.- A persoa que presente a súa tarxeta universitaria ou Bono de Uso Externo, deberá responsabilizarse do material que ten en préstamo.

9.4.8.- Non se poderá fumar nin comer en todo o recinto.

9.4.9.- O incumprimento da presente regulamentación conlevará as sancións que o Servizo de Deportes considere oportunas.

9.5.- CAMPO DE HERBA SINTÉTICO. NORMATIVA DE UTILIZACIÓN.

9.5.1.- Poderán utilizar a instalación deportiva aqueles usuarios que se identifiquen como membros da comunidade universitaria ou aqueles colectivos que fagan o pago para o uso da instalación.

9.5.2.- Para a utilización de dita instalación reservarase ben telefonicamente ou na propia conserxería do Pavillón de Deportes, acompañando os carnés universitarios necesarios ó facer a reserva, ou na hora de utilización. A duración da reserva será dunha hora e media natural por semana, tanto para Fútbol 11 coma para Fútbol 7, puidendo seguir utilizando a instalación se non está reservada posteriormente e previo permiso do persoal do Servicio de Deportes.

9.5.4.- Unha vez consumida a reserva, poderase reservar de novo o campo para esa mesma semana.

9.5.5.- A instalación utilizarase co material e o atuendo adecuado (roupa deportiva e botas con multitaco ou tacos de goma) para cada actividade deportiva.

9.5.6.- Está prohibido:

- Comer e fumar en toda a instalación, os seus vestiarios e arredores.
- Xogar con botas de tacos metálicos ou con zapatillas de atletismo.
- Xogar ó golf, lanzar pesos, xabalinas ou discos.
- Facer lume, utilizar aparatos pirotécnicos, soldar, etc.
- O uso de cepillos metálicos.
- Chorros de auga a vapor que excedan os 3 psi (estático) ou os 35 psi (dinámico).
- O uso de equipamento, métodos ou materiais de limpeza non autorizados.
- Almacenar sobre o céspede bidóns ou equipamento pesado, etc.
- Introducir cargas de area ou caucho distintas ás especificadas polo fabricante.

9.5.7.- O público no interior do pavillón está limitado á zona de bancadas, non puidendo ocupar a zona de vestiarios e de bancos.

9.5.8.- O horario de utilización do Campo de Herba Sintética será de luns a venres de 08:30 a 23:00 h, e os sábados e domingos de 10:15 a 14:00 e 16:15 a 20:00 h.

9.5.9.- O préstamo de material farase co carné que o acredite como membro da comunidade universitaria ou DNI, o cal será devolto unha vez entregado o material en perfecto estado. Se o material viñera defectuoso ou en mal estado, o responsable terá que reintegrar un novo das mesmas características.

9.5.10.- Se o persoal o require, poderase solicitar ó usuario/s que se identifique como membro da comunidade universitaria.

9.5.11.- Respetarase en cada momento o equipamento e o material deportivo situado na instalación.

9.5.12.- Se ós 15 minutos de comezo da reserva non se encontran os compoñentes da mesma, automaticamente quedará anulada e pasará a disposición de outros usuarios.

9.5.13.- No suposto de que o campo non se encontre ocupado, os usuarios da práctica deportiva libre poderán utilizalo previa petición ós responsables da instalación.

9.5.14.- No caso de non poder utilizar a instalación reservada deberá notificarse con 24 h. de antelación.

9.5.15.- Unha reserva será confirmada no momento en que se acredite que o titular da reserva pertence á comunidade universitaria e achegue os carnés universitarios necesarios ou que envíe o resgardo de pago bancario.

9.5.16.- A reserva da instalación é persoal e intransferible. No caso de ser utilizada por unha persoa que non sexa titular da reserva, será sancionada a persoa que formalizou a reserva, e a mesma será anulada automaticamente.

9.6.- CAMPO DE HERBA NATURAL. NORMATIVA DE UTILIZACIÓN.

9.6.1.- A reserva do campo de herba natural farase somentes para xogar ó rugby. Se algún colectivo quere utilizalo para xogar o fútbol ou para facer calquera outra actividade, deberá solicitalo ó Técnico en Actividades Deportivas responsable das Instalacións.

9.6.2.- Poderán utilizar a instalación deportiva aqueles usuarios que se identifiquen como membros da comunidade universitaria ou aqueles colectivos que autorice o Servizo de Deportes, previa solicitude por escrito.

9.6.3.- Para a utilización de dita instalación reservarse ben telefonicamente ou na propia conserxería do Pavillón de Deportes, achegando os carnés universitarios necesarios ó facer a reserva, ou na hora de utilización. A duración da reserva será de dúas horas.

9.6.4.- Unha vez consumida a reserva, poderase reservar de novo o campo para esa mesma semana.

9.6.5.- A instalación utilizarase co material e o atuendo adecuado (roupa deportiva e botas con tacos de goma ou metálicos) para a actividade deportiva.

9.6.6.- Está prohibido:

- Comer e fumar en toda a instalación, os seus vestiarios e arrededores.
- Xogar con tenis ou con zapatillas de atletismo.
- O uso de equipamento, métodos ou materiais de limpeza non autorizados.

9.6.7.- O público está limitado á zona de bancadas, non podendo ocupar a zona de vestiarios, de bancos ou a pista de atletismo..

9.6.8.- O horario de utilización do campo de herba natural será de luns a venres de

9.6.9.- O préstamo de material farase co carné que o acredite como membro da comunidade universitaria ou DNI, o cal será devolto unha vez entregado o material en perfecto estado. Se o material viñera defectuoso ou en mal estado, o responsable terá que reintegrar un novo das mesmas características.

9.6.10.- Se o persoal o require, poderase solicitar ó usuario/s que se identifique como membro da comunidade universitaria.

9.6.11.- Respetarase en cada momento o equipamento e o material deportivo situado na instalación.

9.6.12.- Se ós 15 minutos de comezo da reserva non se encontran os compoñentes da mesma, automaticamente quedará anulada e pasará a disposición de outros usuarios.

9.6.13.- No suposto de que o campo non se encontre ocupado, os usuarios da práctica deportiva libre poderán utilizalo previa petición ós responsables da instalación.

9.6.14.- No caso de non poder utilizar a instalación reservada deberá notificarse con 24 h. de antelación.

9.6.15.- Unha reserva será confirmada no momento en que se acredite que o titular da reserva pertence á comunidade universitaria ó tempo que acompañe os carnés universitarios necesarios ou cando se reciba o resgardo de pago bancario.

9.6.16.- A reserva da instalación é persoal e intransferible. No caso de ser utilizada por unha persoa que non sexa titular da reserva, será sancionada a persoa que formalizou a reserva, e a mesma será anulada automaticamente.

CAPITULO 9.- OUTROS SUPOSTOS

Artigo 36:

O non disposto nesta normativa, en relación coas instalacións deportivas obxecto deste regulamento, estará suxeito ó que dispoña o Servizo de Deportes da Universidade de Vigo, tras estudar o suposto correspondente.

En Vigo, 15 de marzo de 2004

Asdo. Eduardo Rodríguez Costas
Técnico en Actividades Deportivas
Campus de Vigo
Universidade de Vigo